

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas, con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Rianxo, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: protexer o viario público por actividades que debido á súa intensidade e incidencia no seu uso poidan supor unha ameaza ao seu bo estado de conservación.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación: esta ordenanza fundaméntase no uso das competencias que lle atribúe ao Concello os artigos 4.1 a) , 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6.1 a) , 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.

Así mesmo para a aplicación desta ordenanza mediante a presentación dunha comunicación previa fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 84.c), 84 bis e 84.ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

c) Os obxectivos da norma: garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais do termo municipal de Rianxo, como consecuencia dos danos que poidan ocasionar como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: non existen.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días ( a contar dende o día seguinte

ao de publicación do presente anuncio na web municipal (<https://concelloderianxo.gal>), e na sede electrónica municipal ( <https://sede.concelloderianxo.gal/opencms/gl>), mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños Sánchez.

Documento asinado dixitalmente.